



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Travesa dos Basquiños 9, baixo

15.704 Santiago de Compostela

Tfno e fax: 981-570099

Correo: adega@adega.gal

Páxina electrónica: www.adega.gal

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

DECLARACIÓN sobre Cambio Climático con motivo da COP 21 en París

O primeiro recoñecemento internacional do problema do cambio climático e da necesidade de actuar veu en 1992 coa adopción da Convención Marco das Nacións Unidas sobre Cambio Climático, o que permitiu en 1997 a sinatura do Protocolo de Kioto a fin de limitar o crecemento e acadar a estabilización das concentracións de gases de efecto invernadoiro (GEI) na atmosfera. Conferencias sucesivas das Partes (COP) realizadas anualmente en cidades de todo o mundo vixían o grao de cumprimento do Protocolo e, á súa vez, establecen os distintos cursos de acción para orientar as políticas públicas para a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro (mitigación) e tamén prever estratexias nas zonas máis vulnerábeis aos impactos do cambio climático (adaptación)

O Panel Intergubernamental sobre Cambio Climático (IPCC polas súas siglas en inglés) publicou cinco informes que confirman as evidencias do cambio climático e a súa correlación directa coa actividade humana. O último informe conclúe que a orixe do quecemento global e do cambio climático resultante, xa incuestionábel, é principalmente antropoxénica, cun rango de probabilidades superior ao 95% e está causado, esencialmente, polas emisións de GEI provocadas polo uso de combustíbeis fósiles e os cambios nos usos do solo e da agricultura.

Este quinto informe foi a base da declaración de Mainau, de xullo de 2015, promovida por 36 gañadores do Premio Nobel de diferentes áreas científicas onde explicitan a urxencia de tomar medidas sobre o cambio climático:

"Con base na avaliación do IPCC, o mundo debe moverse rapidamente cara unha redución das emisións actuais e futuras de gases de efecto invernadoiro para minimizar os considerábeis riscos do cambio climático. Cremos que as nacións do mundo deben aproveitar a oportunidade ofrecida pola Conferencia das Nacións Unidas sobre Cambio Climático en París, en decembro de 2015, para tomar medidas decisivas para limitar futuras emisións globais. (...). Se non actuamos, imos expoñer ás futuras xeracións da humanidade a un risco desproporcionado e inaceitábel. "



O cambio climático e os impactos derivados del son algúns dos actuais retos de natureza global máis importante que a humanidade ten que afrontar. Abordar este desafío require dunha profunda transformación profunda dos actuais modelos enerxéticos e produtivos e un compromiso global ao máis alto nivel. O quecemento global non é só un problema ambiental e pasa a ser algo que afecta a moitas áreas, tornándose unha cuestión capital que afecta a economía, o comercio, a seguridade alimentaria, o acceso á auga, infraestruturas, a saúde e influirá cada vez máis nas políticas globais, nacionais e locais. A alteración das variables climáticas (temperatura, precipitación, humidade, velocidade do vento, temperatura da auga do mar, etc.) e o aumento da frecuencia e intensidade dos fenómenos meteorolóxicos extremos (secas, inundacións, vagas de calor) xa representan agora un risco real para os ecosistemas e para as persoas.

No caso de España, segundo a enquisa do Eurobarómetro sobre as actitudes cara ao cambio climático (CE 2014a), cando en 2013 se preguntou á cidadanía sobre “Que pensas que ten de serio o cambio climático neste momento?” Nunha escala de 1 a 10, onde 1 significa "nada en absoluto", e de 10 “moi grave” a media foi de 7,9. É de notar que España acadou unha das maiores puntuacións de todos os Estados membros da UE28, a terceira despois de Italia e de Grecia, cos mesmos resultados que Austria e Eslovaquia.

Como xa foi apuntado anteriormente, o xeito de interpretar tanto as causas como as posíbeis respostas ao cambio climático son interpretadas son cada vez máis complexas e plurais e non se poden reducir únicamente ao vector económico ou á simples resposta de estar "moito" ou "pouco" preocupado/a. É radicalmente falso que non sexa unha preocupación da cidadanía. En concreto, e do mesmo xeito que o marco da ameaza é cada vez máis patente, tamén o é o marco que entende o cambio climático como unha oportunidade de desenvolvemento e de negocios. Segundo os resultados producidos polo Eurobarómetro, o marco de oportunidade é particularmente forte en España en relación á creación de ocupación económica, porque a España foi o estado da UE-28:

- Coa maior puntuación ao preguntar sobre se estarían de acordo que "A loita contra o cambio climático e a utilización máis eficiente da enerxía pode impulsar a economía e o emprego na UE", con 55 por cento de respostas "estou totalmente de acordo" (só superado por Suecia cun 56 por cento).
- Coa maior puntuación (45 por cento), onde o público está totalmente de acordo coa afirmación de que a redución das importacións de combustíbeis fósiles de fóra da UE beneficiaría á propia UE economicamente.
- En terceiro lugar en estaren de acordo (co 95 por cento da poboación) que é importante que os gobernos nacionais apoiem a mellora da eficiencia enerxética, coa mesma puntuación que países como Holanda e Dinamarca, e só tras Malta e Chipre.
- Co maior aumento na UE-28 entre 2011 e 2014 en crer que aos factores ambientais e sociais deberíase dar igual importancia que ao económico á hora de medir o progreso (15 por cento de aumento), co 61 por cento das persoas que cren que deben ter o mesmo peso.

Con todo, en 2014 España tamén foi o segundo estado no conxunto da UE-28, onde a maioría das persoas entrevistadas cren que o seu goberno non estaba facendo o suficiente para protexer o medio ambiente, cun 86 por cento (só superado por Grecia e no mesmo lugar que Croacia). Quizais iso poida explicar o feito de que España é un dos



estados líderes na UE-28 (77 por cento), onde a maioría das persoas cren que as decisións ambientais non se han tomar unicamente, senón en conxunto coa UE.

En calquera caso, tanto a nivel estatal como rexional, o ritmo de asunción de obrigas, propostas ou simples recomendacións patrocinadas pola UE en materia de cambio climático foi extraordinariamente baixo. Por esta razón, dende ADEGA solicitamos aos distintos parlamentos autónomos que no ámbito das súas competencias, asuman e fagan súa unha declaración con motivo da COP21 sobre o cambio climático que terá lugar en París en decembro de 2015, unha declaración que tenda claramente á descarbonización da economía, e á protección social e ambiental, superando a inacción actual dos distintos gobernos.

Por que precede, dende ADEGA **SOLICITAMOS** aos grupos da cámara galega que asuman e defendan as seguintes propostas a xeito de **DECLARACIÓN**:

• **Primeiro: Sobre o control das emisións**

1. É obvio que se está a dar un excedente significativo de dereitos de emisión no mercado de dereitos de emisión da Unión Europea. Isto levou a un prezo do carbono inferior ao inicialmente esperado e a non proporcionar os prezos necesarios para inducir a redución de emisións e os investimentos en tecnoloxías sustentábeis. Este elemento levou a ineficiencias económicas, polo que tería que comezar unha reforma estrutural e inmediata para eliminar o actual exceso de oferta de dereitos de emisión do sistema, sen demora, incluíndo unha proposta de modificación da esixencia de redución lineal anual do 1,74% para atender aos obxectivos de redución de emisións de CO₂ para 2050 e ás metas para 2030.

2. De feito, este comercio de emisións, servíu principalmente como un negocio moi lucrativo puro para as grandes corporacións e a especulación financeira, e tampouco parou o seu crecemento. De feito non existe un dereito de emitir contaminantes á atmosfera e teríase que declarar solenemente e entender que só deberían promoverse actividades que non contaminan. Xa que logo como tal mercado, un día tería que ser suprimido.

3. Os gobernos autonómicos deben ser conscientes de que o mellor xeito para non depender do éxito ou do fracaso dese mercado a eliminar, é non transformar o territorio, e no seu lugar afondar nos elementos de adaptación e loita contra o cambio climático. Así, os potenciais axentes fixafores de CO₂ deben ser obxecto dunha política de protección, de xeito que o solo libre (non urbanizado) debe tender a un balanço cero de decrecemento, porque é o único compoñente eficaz para afrontar o exceso deste contaminante na atmosfera. Alén do solo libre, e ademais dos solos forestais e a reforestación puntual, o elemento chave como dixestor destes compoñentes que inducen ao quecemento global, son as áreas naturais protexidas, e entre elas, especialmente as zonas húmidas.

4. Na costa, deben incorporarse de xeito diáfano as medidas de loita, mitigación e/ou adaptación ao cambio climático decisivamente a través do planeamento relacionado coa Xestión Integrada da Zona Costeira (XIZC), para non sacrificar máis litoral a mans de intervencións duras, caras e mesmo urbanizadoras, porque nun tempo máis curto do que se pensa impedirán unha política axeitada contra os anteditos cambios.



- **Segundo: Especificación de obxectivos, medidas e indicadores de reducións de emisións**

Fai falla un instrumento xurídico transversal e vinculante que promova políticas globais contra o cambio climático, con sancións correspondentes en caso de infracción, e implicando diferentes niveis de actores e sociedade civil. Os obxectivos de redución de emisións, implantación de enerxías renovábeis e mellora da eficiencia enerxética deben ser máis ambiciosos acadando un 40-30-30 por cento, respectivamente, para 2020 respecto ao ano base de 1990. Tamén deben establecerse obxectivos intermedios de redución de emisións cada cinco anos para chegar a 95% para 2050, segundo as recomendacións científicas do último informe do IPCC. Ademais, incluír nos orzamentos públicos programas de redución de carbono como un mecanismo de planificación e seguemento, seguindo o exemplo da lei inglesa, vinculantes e con límites sobre a cantidade de gases de efecto invernadoiro emitidos durante un periodo de cinco anos (fontes industriais e difusas).

- **Terceiro: Compromiso co abandono dos combustíbeis fósiles**

Por razóns ambientais e climáticas, debería formalizarse a prohibición da produción de gas e petróleo de xisto por fraturamento hidráulico (“fracking”) ou a prospección e explotación de hidrocarburos en terra e mar, e camiñar cara un futuro sen enerxía nuclear e 100% renovábel. Por iso, tal como moitas institucións e organizacións están a realizar a nivel global, tense que deixar de subvencionar aos combustíbeis fósiles e nucleares, e establecer un sistema de tributación que penalice o seu uso.

- **Cuarto: Sobre a compostaxe, captura e incineración de residuos de carbono**

As políticas de loita contra o cambio climático e a redución das emisións deben contemplar unha correcta xestión do carbono contido nos residuos, impedindo a súa liberación á atmosfera.

A compostaxe da materia orgánica contida nos residuos sólidos urbanos, agrogandeiros e forestais contribúe fixar cantidades significativas de carbono e outros compostos que serían doutro xeito lanzados na atmosfera mediante incineración (CO₂, SO₂, NO_x, dioxinas, furanos, etc.) ou vertedura (CH₄). Especial atención merece a compostaxe a pequena escala, doméstico e comunitario, por respectaren escrupulosamente o principio de proximidade e eliminaren as emisións do transporte e do tratamento de residuos a escala industrial.

- **Quinto: Fiscalidade**

A dotación de recursos económicos é moi importante para aplicar estratexias de loita contra o cambio climático. Prever os impostos sobre as emisións de CO₂ xenéricas, de NO₂ e/ou doutros gases cun destino finalista, e adicados a promover os vehículos eléctricos non contaminantes e o transporte público.

- **Sexto: Modelo enerxético**

No sector da enerxía, ademais do compromiso firme polas enerxías renovábeis non agresivas co medio ambiente, ten que recuperarse unha política de incentivos que obxectiven a enerxía obtida de xeito máis limpo e eficiente.

1. Isto implica inevitabelmente unha aposta por un modelo enerxético descentralizado, que integra de forma decisiva a auto-produción dos particulares, no que as empresas subministradoras cubran problemas puntuais, pero que non sexan un oligopolio. Ese modelo tende a ser máis barato, social, democrático e prevén o exceso de poder.



2. O argumento anterior engade un novo compoñente: estudar seriamente a recuperación do operador público en vista das disfuncións que producen os operadores privados de subministro de enerxía. Son certamente ideas innovadoras, como o Fondo de Enerxía da Unión Europea e para a coordinación global en torno a "Enerxía sustentábel para todos" (SE4All), promovida polo Secretario Xeral da ONU Ban Ki-moon en 2012.

3. Para evitar a ocupación desordenada e agresiva do contorno natural por parte das fontes renovábeis de acceso á enerxía, propónse a seguinte orde de prioridade para a súa ubicación segundo tipo de terreo:

A. Solo urbanizado: patios, cimeiras e cubertas, sobre todo de tipo industrial e comercial.

B. Solo urbano non consolidado ou solo urbanizábel.

C. Espazos ocupados por outras infraestruturas como:

Aeroportos e terminais.

Autovías e autoestradas.

Camiños de ferro.

Estradas pavimentadas.

Canles de irrigación.

Canteiras.


D. A falta de todos as anteriores e de xeito motivado, terreos rústicos (non urbanizábeis) de baixo interese agrícola, gandeiro, forestal ou natural, previa avaliación do seu impacto paisaxístico ou ambiental e do balanço de enerxético na súa contribución á redución de CO₂, e sempre baixo o criterio de partillar enclaves de captación entre diferentes fontes de enerxía renovábeis, como eólica e a solar.

ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza)

E na súa representación Virginia Rodríguez, Presidenta

Compostela, novembro de 2015





O éxito comunicativo do IPCC recollido en cadriños. Extraído da presentación de Koko Warner no IPCC 2014 GT2, Ch.20 ‘Multiple resilience pathways: Climate Resilient Pathways to Sustainable Development’ 19 de maio, 2014.

Fontes:

<http://www.europarl.europa.eu/sides/getDoc.do?pubRef=-//EP//TEXT+MOTION+B7-2013-0482+0+DOC+XML+V0//ES>

“Proposta alternativa de resolució del Parlament europeu”; Els Verds, Aliança social europea, febrero 2013

“Opinió pública, comunicació del coneixement i implicació cívica en cambio climàtic”, de Joan David Tábara, julio 2015,

http://cambioclimatic.gencat.cat/web/.content/home/politiques/politiques_catalanes/Avantprojecte_llei_cc/Info_publica/Avantprojecte_llei_cc.pdf

<http://www.diplomatie.gouv.fr/es/asuntos-globales/clima/francia-movilizada-para-responder-al-desafio-climatico>

<http://www.ambafrance-es.org/Conferencia-Paris-Climat-2015>

<http://www.lindau-nobel.org/wp-content/uploads/2015/07/Mainau-Declaration-2015-ES.pdf>

<http://www.iai.int/wp-content/uploads/2015/02/DECLARACION-LIMA-2014-CC-DB-1.pdf>

<http://xse.cat/al%E2%80%A2legacions-lavanprojecte-de-llei-de-cambio-climatic/>